

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZOS E FACILIDADES PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO “WOMEX 2016 THE WORLD MUSIC EXPO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 03 de outubro de 2016 ao 03 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A formalización dos compromisos entre as partes para que a Cidade da Cultura de Galicia sexa a sede do evento “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”, facilitando ambas partes as xestións e accións necesarias para que o devandito evento internacional sexa un éxito.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En outubro de 2014 celebrouse con grande éxito na Cidade da Cultura de Galicia o evento internacional Womex 2014, o cal contou co apoio tanto da FUNDACIÓN como de INCOLSA. O resultado daquela edición foi de indiscutible éxito tanto para a difusión



da imaxe de Galicia e de Santiago de Compostela como para a proxección da Cidade da Cultura como un espazo único para servir de marco para eventos das industrias culturais de primeira orde mundial.

O día 16 de xullo de 2015, INCOLSA e a empresa organizadora e propietaria da marca, asinaron o contrato público de patrocinio e cesión de marca en virtude do cal a edición do ano 2016 do evento “WOMEX, THE WORLD MUSIC EXPO” vaise celebrar na cidade de Santiago de Compostela dos días 19 a 23 de outubro de 2016.

Tanto a FUNDACIÓN como INCOLSA comparten a percepción da importancia que a celebración desta nova edición do citado evento internacional ten para Santiago de Compostela e para Galicia, considerando ambas entidades que a Cidade da Cultura de Galicia é, sen lugar a dúbidas, o mellor espazo para servir de marco principal do “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a 20 de maio 2016

Beatriz González Loroño

